

Análise da nota do BNG : “Sobre a proposta de prioridades das mocións.”

O que di o BNG:

“Este mesmo tema xa se ten tratado nalgunha xuntanza de voceir@s, chegando ao acordo de que se discutirían en función do número no rexistro de entrada. Fórmula perfectamente válida antes e agora. En todo caso, terá que ser AER, quen xustifique o seu cambio de opinión, incumprindo un acordo tomado hai meses.”

Resposta de AER:

O criterio de tratar as mocións segundo a orde de entrada por rexistro é o que se seguiu sempre, interpretando o regulamento do Concello e non como un acordo da xunta de voceiros.

A preocupación de AER sobre este tema ven de longo. Despois de ver que varios plenos remataron sen tratar todos os asuntos, o 31 de xaneiro do ano pasado, presentamos unha moción na que propoñiamos o seguinte acordo:

“Cando nun pleno ordinario non se rematen todos os puntos da orde do día, convocarase un pleno extraordinario, co fin de rematalos, para o xoves seguinte á mesma hora.”

Despois do debate e aceptando AER a proposta do BNG o acordo quedou así, por certo, acordo que o PP votou en contra e nunca se cumpriu:

“VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria aproba a moción sendo once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.) e dez votos en contra (10 do PP), de modo que se acorda que cando queden asuntos sen tratar no mesmo pleno ordinario decidírase entre os voceiros os asuntos a tratar e a data da seguinte sesión a fin de rematar os temas pendentes.”

Non sabemos a que xunta de voceiros se refire o BNG, porque o que nós lembramos é que a primeiros do 2013, nunha xunta de voceiros chegouse ao acordo de que se tratarían de forma alterna unha moción de cada grupo, escollendo o mesmo grupo as mocións prioritarias, e non por orde de entrada de rexistro. Este acordo cumpriuse durante uns meses, pero volveuse ao modelo anterior sen previo aviso. Quen terá que dar explicacións de por que se fixo este cambio serán os partidos políticos e non AER.

O que di o BNG:

“As demandas de carácter social (como a moción da Federación de Asociacións de Veciñ@s), as iniciativas das diferentes forzas políticas, ou as que se prantexen para o

Pleno, teñen todo un mes para seren presentadas. Carece de toda lóxica que se agarde ao derradeiro día de prazo, para a presentación de calquera iniciativa.”

Resposta de AER:

Isto si que é cinismo político, na xuntanza dos grupos da oposición coa Federación de Asociacións de Veciños para falar da súa moción sobre os consellos parroquiais, a **proposta de AER** foi que unha vez que a Federación metera a moción por rexistro, que falaran co equipo de goberno para ver se a ían meter no pleno. Se o equipo de goberno (PP) contestaba que non, **meteríaa uns dos grupos da oposición ou os tres de forma conxunta no seu nome.**

A proposta do BNG foi que non falaran co PP, para agardar e ver que interese tiñan en tratar o tema. No caso de non metela o PP, métese por urxencia e asunto solucionado, deberon pensar.

A pena é que a Federación escoitou os “cantos de serea” do BNG, caeu nos seus intereses partidistas e pasou o que pasou: ao ir por urxencia quedou para o final, e outra vez por falta de tempo, a moción quedou sen tratar. Iso si, pasamos moito tempo do pleno debatendo mocións do BNG sobre asuntos nos que o Concello non ten competencias.

En canto a que temos todo o mes para presentar as mocións no rexistro, é certo; e case sempre presentamos as mocións o último día. Pero isto é debido a que as nosas mocións xorden dun traballo previo durante todo o mes, tendo reunións cos veciños, redactando borradores, debatendo, contrastando información, ata que presentamos a versión final. É moito máis doado ter as mocións redactadas dende o aparato do partido e ter mocións que xa se presentaron noutros concellos o mes anterior. Así calquera presenta a moción no rexistro o día 15.

Por outra banda, AER sempre manda as súas mocións a todos os grupos o venres da semana anterior aos plenos, mentres o BNG non envía nada, e ata o luns da semana dos plenos non sabemos que mocións presentan.

O que di o BNG:

“No seu momento, a Agrupación de Electores prantexou deixar a derradeira media hora do Pleno mensual, para comparencias, preguntas e rogos. O resto de grupos estiveron de acordo neste prantexamento. Non é responsabilidade do BNG se na exposición das mesma inverten 5 minutos lendo un texto. Ademais cómpre recordar o “mimo” que o equipo de goberno ten amosado co concelleiro de AER permitíndolle facer 3, 4 ou 5 preguntas dentro da suposta dunha única pregunta a prantexar”.

Resposta de AER:

5 minutos lendo un texto dunha pregunta ou comparencia?. O reloxo ándalles moi rápido cando xulgan aos demais e **resulta curioso que se queixen de que metamos demasiadas preguntas nunha intervención; moléstalles que “obriguemos” ao**

gobierno a contestar sobre cuestións “DE REDONDELA”? Se falamos de ler, poderíamos falar de mocións “COPIADAS” que lles valen aos do BNG para Soutomaior, Vigo, Pontecaldelas ou Vimianzo...

É certo que ás veces o goberno local é flexible e permite facer máis dunha pregunta dentro dunha suposta única pregunta. Agradecemos esa flexibilidade, xa que **foi o goberno do BNG-PSOE o que limitou a 5 preguntas as que se poden facer en cada pleno.**

Flexibilidade que tamén ten o PP co “traballo” do BNG. No Regulamento Orgánico do Concello, segundo o seu artigo 18, o apartado das mocións, comparecencias, rogos e preguntas denomínase “Actividade de Control do Pleno”; e fálase de “mocións relativas ás competencias municipais”. Vendo que o 80% das mocións do BNG non son sobre competencias municipais, pensamos que tamén o goberno local amosa “mimo” polo BNG. Ademais, vendo que **o BNG leva un ano e medio sen pedir comparecencias nin formular preguntas** ao goberno local, seguro que o PP está encantado con esa “actividade de control do pleno” do BNG.

O que di o BNG:

“O Bloque Nacionalista Galego, como forza de carácter nacional, traballa a prol do conxunto de tod@s @s galegos e galegas defendendo os nosos sectores produtivos, pulando pola preservación dos dereitos colectivos.

Nalgunha ocasión a propia Agrupación de Electores ten presentado iniciativas, en nome doutras forzas de carácter estatal, como no caso da moción dos transxénicos de IU.”

Resposta de AER:

Claro que temos presentado mocións de EU, doutros colectivos e incluso nosas de carácter xeralista. Nunca dixemos que non foran importantes e así ven recollido na exposición de motivos da nosa última moción:

[...]Non dicimos que non sexan temas importantes para a cidadanía en xeral e tamén para os veciños e veciñas de Redondela, nin que non se deban debater neste pleno; pero dado que só temos un día ao mes para debater e tomar acordos sobre os asuntos de Redondela, e dado que os partidos aquí representados teñen tamén representación en ditos parlamentos, pensamos que debe darse prioridade ás propostas sobre competencias municipais.[...]

Claro que presentamos mocións xeralistas, pero no caso de AER son o 10% de todas as que presentamos mentres que no caso do BNG son o 80%. De aí ven a nosa queixa.

Con respecto á moción de EU Redondela que poñen como exemplo non escolleron a máis acaída, xa que este era o acordo:

*“Declarar **o concello de Redondela** coma Zona Libre de Transxénicos.”*

O que di o BNG:

“Os electores e electoras do BNG en Redondela, teñen dereito a que os seus lexítimos representantes debatan sobre cuestións de carácter nacional, estatal ou mesmo internacional. De non ser así, e ante unha cara tan amable como a que presenta o goberno municipal, non se sabería a súa postura sobre o aborto, as preferentes, as medidas económicas postas en marcha polo goberno de Rajoy, etc.”

Resposta de AER:

Ninguén lle quiere negar ao BNG nin a ninguén debater sobre cuestións de carácter nacional, estatal ou mesmo internacional. Só se fala de prioridades. Prioridades que teñen que ver co ámbito competencial, coas competencias de actuación que ten o Concello de Redondela, e non temos nada en contra de facer “brindes ao sol”, só que **entendemos que primeiro hai que facer o que SI PODEMOS FACER, PORQUE É COMPETENCIA DO CONCELLO.**

En resumo, á parte de **FALTAR A VERDADE NA SÚA NOTA**, a súa postura parécenos **“PARLAMENTARISMO BARATO”**, **ínfulas** (léase o seu significado figurado) duns persoeiros que se pretenden políticos de altura e polo tanto desatenden ás prioridades dunha cidadanía que o que necesita é que se lle resolvan os problemas.

Aí deixamos o cadro resumo da actividade da “oposición” no pleno.

Actas dos plenos:

http://212.51.53.44/web/jupgrade/images/stories/Actas_dos_plenos_2011/29DECEMBRO2011.pdf

http://212.51.53.44/web/jupgrade/images/stories/Actas_dos_plenos_2011/2013/31XANEIRO2013.pdf

Aí deixamos o cadro resumo da actividade da “oposición” no pleno:

ACTIVIDADE DE CADA GRUPO NOS PLENOS	AER (1)	BNG (2)	PSOE (8)
MOCIÓNS PRESENTADAS	66	60	40
MOCIÓNS DE REDONDELA	58	13	19
MOCIÓNS XERALISTAS	8	47	21
COMPARECENCIAS SOLICITADAS	31	11	19
PREGUNTAS FORMULADAS	91	12	24
ROGOS FORMULADOS	41	1	23

*Entre parénteses vai o número de concelleiros de cada grupo.